

MÁSTER UNIVERSITARIO EN
FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

CIENCIA, TÉCNICA,
PENSAMIENTO

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

A materia ten o código P5251104. Trátase dunha materia obrigatoria de máster impartida durante o primeiro semestre. Ten 3 créditos ECTS, aos que lle corresponden 75 horas ECTS (desagregados segundo Plan Docente Anual en: 21 h. de clases; expositivas, 9 h.; clases interactivas, 12 h.; 3 h. de titorías de grupo; 52 h. de traballo persoal dá/do estudante, incluídas lecturas, estudo e realización de tarefas). É unha materia dependente dos Dptos. de Microbioloxía e Parasitoloxía, Filosofía e Antropoloxía Social e Física de Partículas (Áreas de Microbioloxía, Filosofía, Física da Materia Condensada). Na actualidade está asignada unicamente ao Dpto. de Microbioloxía e Parasitoloxía.

PRERREQUISITOS

Non se establecen pre-requisitos para cursar esta materia, aínda que coñecementos elementais en historia da filosofía e/o historia da ciencia poden ser de utilidade.

IMPARTICIÓN

A materia será impartida en castelán, aínda que pode impartirse tamén en lingua galega si así fose solicitado polo alumnado. De haber estudantes procedentes doutras universidades españolas ou mesmo de universidades estranxeiras, ao amparo dos convenios nos que participe a USC, a materia será impartida en lingua española, dado que esta é a lingua que se lle esixe para outorgar a mobilidade. O programa está dispoñible en galego e castelán na páxina web da Facultade.

A materia impártea o catedrático da área de Microbioloxía Jesús López Romalde.

A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, figurarán na aula virtual da materia.

O horario da materia é o fixado na páxina web da Facultade

TITORÍAS

Os horarios de titoría determinaranse a principios do curso e estarán dispoñibles na aula virtual. Serán 6 horas semanais, realizadas de forma presencial no despacho do profesor encargado ou de forma virtual a través da plataforma TEAMS. Para consultas fóra das horas de titorías pode usarse o Campus Virtual ou as direccións electrónicas dos profesores.

1. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOQUE FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

Trátase dunha materia obrigatoria que se insere no bloque básico de 'Materias Obrigatorias'. O resto deste bloque está formado por catro materias obrigatorias (Cidadanía, xustiza e democracia, Signo, representación, realidade, O concepto antropolóxico de cultura e a diversidade cultural, Problemas de estética contemporánea e Técnicas de traballos de investigación).

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOQUE

A materia 'Ciencia, técnica, pensamento' aborda o rol central da ciencia e da técnica na sociedade contemporánea, e por tanto a súa relevancia radical para o pensamento contemporáneo. A análise desta posición da ciencia e da técnica no panorama do pensamento actual realízase tanto desde unha perspectiva histórica do desenvolvemento como, principalmente, pola presentación de problemas científico-técnicos de relevancia central para o pensamento filosófico contemporáneo.

2. OBXECTIVOS DA MATERIA

Os obxectivos da materia consisten en:

- Transmitir os contidos fundamentais da materia.
- Mostrar as cuestións abertas que alimentan a investigación neste campo
- .
- Alentar a imaxinación e o debate para tratar de facer achegas e contrastar ideas.

Tamén, a adquisición ou práctica das seguintes competencias:

COMPETENCIAS DE TIPO BÁSICO E XERAL

CX1 - Que as e os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aproximacións investigadoras.

CX2 - Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.

CX3 - Que as e os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións propostas.

CX4 - Que as e os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na procura de solucións.

CX5 - Que as e os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.

CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/o aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7 - Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8 - Que as e os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB9 - Que as e os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB10 - Que as e os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirigido ou autónomo.

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

CE1 - Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do #máster.

CE2 - Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.

CE3 - Adquirir habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do #máster.

CE4 - Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.

CE5 - Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.

CE6 - Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

3. CONTIDOS

PLAN XERAL

O continuo avance científico-tecnolóxico constitúe probablemente o feito máis definitorio do noso tempo, con enormes implicacións tanto a nivel económico, como social e tamén político que están a transformar irreversiblemente nosas sociedades de modo irreversible. Por todo iso, este feito crucial debe ser obxecto central da reflexión filosófica contemporánea. Con esta materia trátase de cultivar e desenvolver aquelas competencias ligadas á comprensión dos problemas da ciencia e a técnica actuais co fin de desenvolver a capacidade para apreciar e entender os problemas filosóficos que suscitan. Para tal fin, o programa artículase en 3 bloques:

- 1) A ciencia como actividade filosófica. Consideracións históricas. Ciencia: método e filosofía.
- 2) Exposición e tratamento dalgúns problemas e teorías particularmente relevantes desde o punto de vista ontolóxico, epistemolóxico e ético-político: elaboración filosófica.
 - 2.1 Bioloxía. A singularidade da Bioloxía no conxunto das ciencias. Diversidade, Evolución, Etoloxía e Sociobioloxía. Bioloxía e valores humanos.
 - 2.2 Cara a unha ciencia global: Bioloxía da xenómica, do desenvolvemento e dos sistemas complexos.
- 3) Filosofía, ciencia e técnica no pensamento contemporáneo. Bioloxía sintética.

4. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

Distinguiremos o traballo presencial referíndonos ás dúas modalidades de docencia:

(1) Aulas expositivas. Ofreceráse unha exposición mediante lección maxistral dos temas do programa incidindo sobre todo naqueles aspectos que sexan nucleares e que contribúan a que os/as alumnos/as formen o seu propio mapa mental do tema. A exposición estará sempre aberta á participación e ao debate.

(2) Aulas interactivas. Propiciarase unha participación activa do alumnado, propoñendo tarefas nas que terán un papel protagonista. Estas tarefas comprenderán actividades en seminario con participación activa e protagonista do alumno, por exemplo:

- Proposta de cuestionarios de preguntas sobre aspectos previamente explicados ou análise conxunta de textos de especial relevancia para o desenvolvemento da materia.

- Proposta de exercicios sobre temas vistos.

- Visionado de material audiovisual.

A proposta das distintas actividades farase na aula e no campus virtual da materia.

TRABALLO AUTÓNOMO DO ESTUDANTADO

Lectura de textos propostos e elaboración voluntaria de comentarios.

REQUISITOS PARA AS AULAS

Recoméndase a participación activa do alumnado nas aulas. Esta levará a cabo conforme aos seguintes criterios:

- Na participación na aula non se aceptará ningunha actitude que sexa irrespetuosa, sexista ou dalgunha outra maneira discriminatoria.

- Na aula atenderanse todas as opinións e potenciarase que todo o mundo poida expresar os seus puntos de vista.

- Non serán aceptables na discusión argumentacións *ad hominem*.

- Nas aulas expositivas está permitido o uso de computadores ou outros dispositivos electrónicos, pero non gravar son ou imaxes sen o consentimento explícito de todos os presentes.

5. AVALIACIÓN

É posible superar a materia mediante avaliación continua ou realizando o exame final.

A) A avaliación continua constará de dous aspectos distintos:

- 1) O traballo continuado no seguimento da materia; incluídos posibles controis de coñecemento, asistencia e participación en actividades presenciais.
- 2) Trabajo escrito como parte del trabajo del alumno. Este trabajo atenderá a los siguientes requisitos:
 - Consistirá na presentación dunha liña argumental, defendendo unha tese.
 - Terá unha estrutura ordenada. Constarán de resumo inicial, unha introdución expoñendo a tese, liña argumental e estrutura do traballo; estruturación resultante por seccións e conclusión final.
 - Seguirá o formato de texto académico estándar (Times New Roman tamaño 12, con notas a pé de páxina tamaño 10, interlineado 1,5, parágrafo xustificado, sen portadas).
 - Terá unha extensión ao redor de 10 páxinas.

B) Superación de exame final. O exame final constará de preguntas de resposta curta, sobre os diferentes contidos do programa.

DIMENSIÓNS DA AVALIACIÓN

O peso dos diferentes compoñentes da avaliación continua será:

1. Traballo continuado no seguimento da materia: 50%
2. Traballo final do estudante que conteña unha breve indagación persoal: 50%

As competencias da resolución de exercicios e contestación aos cuestionarios serán avaliadas atendendo á precisión coa que sexan resoltos. As competencias dos ensaios breves avaliaranse tendo en conta a capacidade de síntese e a claridade da exposición. As competencias relativas ao traballo serán avaliadas tendo en conta: (i) a súa calidade de contido e argumentativa, que mostrará o coñecemento do tema, (ii) o rigor formal, que avaliará a capacidade de composición de textos (iii) a escritura, que mostrará o coidado no uso da lingua. O alumnado que conforme a este método de avaliación non supere a materia ou desexe mellorar

a nota conseguida, poderá concorrer ao exame final, sendo a cualificación do exame a nota definitiva e realizarase na data oficialmente establecida para elo.

REQUISITO DE ORIXINALIDADE

O estudante debe atender ao código de boas prácticas da USC, que di que hai que traballar con honradez intelectual e seriedade no contraste das citas, respectando o traballo dos demais, evitando todo tipo de plaxios e apropiacións indebidas, actuando co máximo respecto á propiedade intelectual ou industrial. A non observancia desta norma conlevará non superar a materia nas dúas convocatorias anuais.

ESTUDANTES CON DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE

Quen teña dispensa de asistencia a clase será avaliado mediante un exame final na data oficial sobre os contidos da materia.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

A materia consta de 3 créditos ECTS, polo que a carga total de traballo para o estudante é de 75 horas, que se desagregan da maneira seguinte:

- Horas presenciais semanais: Aproximadamente, 24 horas no conxunto do semestre.
 - Horas de titorías: 3 h.
 - Horas expositivas: 9 h.
 - Horas interactivas: 12 h.
- Traballo persoal do/da alumno/a: 51 horas no semestre, que inclúen estudo individual, realización de traballos individuais e outras tarefas complementarias.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

- (1) Participación nas presentacións
- (2) Preparación das tarefas marcadas seguindo as pautas indicadas
- (3) Consulta de dúbidas en clase ou nas titorías
- (4) Ler, estudar, escribir e programar.

6. BIBLIOGRAFÍA

1. 1. H. J. Morowitz, *The emergence of Everything*. Oxford University Press, Oxford, 2002.
2. 2. E. Laszlo, *The Systems View of the World. A Holistic Vision of our Time*. Hampton Press, New York, 1996.
3. 3. Ayala, F. J., Arp, R. (eds.), *Contemporary Debates in Philosophy of Biology*, Malden, MA: Wiley-Blackwell. 2010.
4. 4. Casadesús J., Ruíz-Berraquero, F. *Descifrar la vida: ensayos de Hitoria de la Biología*. Universidad de Sevilla. 1994.
5. 5. Diéguez, A., Claramonte V. (eds) *Filosofía actual de la Biología*. Contrates, Revista Internacional d e Filosofía, suplemento XVIII, 2013.
6. 9. Mayr, E., *Historia do Pensamento Biolóxico. Diversidade, evolución, herdanza*. Universidade de Santiago de Compostela, 1997.